



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Dereito Internacional Público	Código	612G01019	
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público			
Coordinación	Quindimil Lopez, Jorge Antonio	Correo electrónico	jorge.quindimil@udc.es	
Profesorado	Mkrtichyan , Artak Oanta Oanta, Gabriela Alexandra Quindimil Lopez, Jorge Antonio Sobrido Prieto, Marta	Correo electrónico	a.mkrtichyan@udc.es gabriela.oanta@udc.es jorge.quindimil@udc.es marta.sobrido@udc.es	
Web	<a href="https://campusvirtual.udc.es/moodle/course/view.php?id=41475&amp;sesskey=9Zrftw1li">https://campusvirtual.udc.es/moodle/course/view.php?id=41475&amp;sesskey=9Zrftw1li</a>			
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende posibilitar o ensino sistemático do Ordenamento xurídico que está destinado a regular a sociedade/comunidade internacional, facilitando a comprensión entre o alumnado dos problemas básicos que rodean aquel.</p> <p>Desde unha perspectiva xurídico-formal, o Dereito internacional preséntaselle ao alumnado na súa dimensión positiva, ofrecendo o maior número posible de referencias á normativa en vigor. Esta perspectiva complétase cunha aproximación histórico-sociolóxica, expoñendo ao alumnado as realidades subxacentes ás normas e o medio concreto en que estas están chamadas a rexer, posto que para un ensino eficaz da materia é fundamental unha exposición dos acontecementos históricos e dos acontecementos sociolóxicos.</p> <p>Así mesmo, ambos os enfoques acompañanse dunha aproximación axiolóxica ao dereito internacional, coa finalidade de procurar unha constante valoración da norma co ideal de Xustiza. Desde logo, a dimensión finalista da actividade docente conduce a que o ensino non se reduza a unha descrición do ordenamento xurídico internacional, senón que debe facerse reflexionar o alumno sobre o conxunto de valores que inspiran e aos que aspira este ordenamento. Desta forma, ao ensinar e difundir o Dereito internacional preténdese contribuir, en boa medida, a facer progresar a Sociedade internacional e os suxeitos que a compoñen na vía da paz.</p> <p>Tendo en conta o contido esencial desta disciplina científica, a súa docencia expónse desde unha visión realista, pero co firme propósito de facer partícipe o alumnado dos valores que inspiran o ordenamento xurídico internacional, apuntando, cando sexa posible, suxestións para a mellora das normas que o integran e insistindo, sobre todo, no seu cumprimento. Neste contexto sitúase unha das funcións máis importantes da docencia do Dereito internacional público: demostrarlle ao estudantado, e convencelo, de que esta é unha disciplina cada vez máis relevante na formación de todo xurista e que tomen conciencia da perspectiva internacional, que lles confire o coñecemento do Ordenamento xurídico internacional, como un elemento imprescindible do mundo interdependente.</p> <p>A función docente universitaria, en que se combina unha función informativa e outra formativa, debe servir para formar xuristas que poidan atopar saídas profesionais vinculadas cos seus estudos pero, sobre todo, tamén debe servir para formar e potenciar as capacidades intelectuais dos estudantes para que poidan e saiban afrontar de forma crítica os valores e as actitudes sociais que se desenvolven nas sociedades nacionais e internacional de que eles forman parte.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Coñecemento das principais institucións xurídicas.



A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
A3	Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.
A4	Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos.
A5	Coñecemento dos principios e valores constitucionais.
A6	Comprensión das distintas manifestacións do dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual.
A7	Coñecemento das estruturas xurídico-políticas de ámbito nacional e internacional.
A8	Coñecementos básicos de argumentación xurídica.
A9	Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutriniais).
A10	Capacidade de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico.
A11	Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.
A12	Manexo da oratoria xurídica. (Capacidade de expresarse apropiadamente en público).
A13	Dominio das novas tecnoloxías aplicadas ao dereito.
A14	Capacidade de elaboración de normas.
A15	Capacidade de negociación e mediación.
B6	Aprender a aprender.
B7	Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B8	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.
B9	Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida.
B10	Traballar de forma colaborativa.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B12	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo, amosando capacidade de expresión tanto oral como escrita en calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma, así como nun idioma estranxeiro.
B13	Capacidade para utilizar a rede informática (internet) na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, capacidade para empregar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título
---------------------------	------------------------



Conocimiento de la función del Derecho como sistema regulador de las relaciones sociales	A1	B6	C1
	A2	B7	C2
	A3	B8	C3
	A4	B9	C4
	A5	B10	C5
	A6	B11	C6
	A7	B12	C7
	A8	B13	C8
	A9		
	A10		
	A11		
	A12		
	A13		
	A14		
	A15		
Percepción del carácter sistemático del ordenamiento jurídico	A1	B6	C1
	A2	B7	C2
	A3	B8	C3
	A4	B9	C4
	A5	B10	C5
	A6	B11	C6
	A7	B12	C7
	A8	B13	C8
	A9		
	A10		
	A11		
	A12		
	A13		
	A14		
	A15		

Contidos	
Temas	Subtemas
I. O ORDENAMENTO XURÍDICO INTERNACIONAL	
Lección 1.- A sociedade internacional e o seu ordenamento xurídico	1. A sociedade internacional A) Evolución histórica B) Caracteres básicos 2. O Dereito Internacional Público como ordenamento xurídico da sociedade internacional A) Concepto de Dereito Internacional Público B) Caracteres do Dereito Internacional Público C) Funcións do Dereito Internacional Público
Lección 2.- A formación do Dereito Internacional Público.	1. A creación e o desenvolvemento progresivo do Dereito Internacional Público 2. Os tratados internacionais A) O procedemento de celebración de tratados B) A aplicación dos tratados 3. O costume e os principios xerais 4. Os actos unilaterais dos estados e das organizacións internacionais 5. A recepción das normas internacionais nos ordenamentos internos



II. OS SUXEITOS DO DEREITO INTERNACIONAL PÚBLICO	
A) O ESTADO	
Lección 3.- O Estado como suxeito primario do Dereito internacional público	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Os elementos constitutivos do Estado</li><li>2. O recoñecemento de estados e o recoñecemento de gobernos</li><li>3. As inmunidades do Estado</li><li>4. A sucesión de estados</li></ol>
Lección 4.- O territorio do Estado	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Ideas xerais sobre o territorio do Estado</li><li>2. Competencias territoriais sobre o espazo mariño</li><li>3. Competencias territoriais sobre o espazo supraterrrestre</li><li>4. Competencias territoriais sobre outros espazos</li></ol>
Lección 5.- A poboación do Estado.	<ol style="list-style-type: none"><li>1. A nacionalidade: competencias do Estado sobre os seus súbditos no estranxeiro</li><li>2. A condición xurídica do estranxeiro</li><li>3. Réximes cualificados de estranxeiría</li></ol>
Lección 6.- Os órganos do Estado nas relacións internacionais	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Os órganos centrais</li><li>2. A representación diplomática</li><li>3. As oficinas consulares</li></ol>
B) LAS ORGANIZACIONES INTERNACIONALES	
Lección 7.- Aspectos xerais das Organizacións internacionais	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Antecedentes e evolución histórica</li><li>2. Concepto e clases</li><li>3. Estrutura e formación da vontade</li><li>4. Personalidade xurídica internacional</li></ol>
Lección 8.- A Organización das Nacións Unidas.	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Antecedentes e evolución histórica</li><li>2. Propósitos e principios</li><li>3. Os membros</li><li>4. A estrutura institucional</li></ol>
Lección 9.- As principais funcións das Nacións Unidas.	<ol style="list-style-type: none"><li>1. A descolonización</li><li>2. O desenvolvemento e o comercio internacional</li><li>3. Dereitos humanos</li><li>4. Mantemento da paz e seguridade internacionais</li></ol>
C) A PERSONA HUMANA	
Lección 10.- A personar humana ante o Dereito internacional público.	<ol style="list-style-type: none"><li>1. A capacidade de actuar do individuo ante órganos internacionais</li><li>2. A responsabilidade internacional do individuo</li><li>3. A protección dos dereitos humanos</li></ol>
III. A APLICACIÓN DEL DEREITO INTERNACIONAL PÚBLICO	
Lección 11.- A responsabilidade internacional.	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Codificación e desenvolvemento progresivo do dereito sobre a responsabilidade internacional</li><li>2. A responsabilidade internacional por feitos internacionalmente ilícitos</li><li>3. A responsabilidade internacional polas consecuencias prexudiciais de feitos non prohibidos polo Dereito Internacional Público</li></ol>
Lección 12.- Os procedementos para asegurar a aplicación das normas internacionais.	<ol style="list-style-type: none"><li>1. A protección diplomática</li><li>2. As medidas de autotutela</li><li>3. Os procedementos institucionalizados</li></ol>



Lección 13.- Os procedementos pacíficos de solución de controversias internacionais.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. As controversias internacionais</li> <li>2. Os procedementos non xurisdicionais de solución de controversias</li> <li>3. Os procedementos xurisdicionais de solución de controversias</li> </ol>
Lección 14.- O control do uso da forza	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A prohibición da ameaza ou do uso da forza</li> <li>2. A regulamentación dos conflitos armados</li> <li>3. O Dereito internacional humanitario</li> </ol>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	28	28	56
Proba oral	A1 A2 A3 A4 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 B6	1	42	43
Actividades iniciais	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	24	0	24
Solución de problemas	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	3	3	6
Estudo de casos	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	3	3	6
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 B6 B9	6	3	9
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7	3	3	6
Atención personalizada		0	0	0

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Docencia expositiva y orientativa sobre los contenidos del programa.



Proba oral	El examen se desarrollará de forma oral y consistirá en diversas preguntas basadas en epígrafes del programa.
Actividades iniciais	Las actividades dirigidas consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación o de rol, en trabajos de investigación, de reflexión o en casos prácticos, para cuya elaboración o resolución los alumnos contarán con las correspondientes orientaciones e instrucciones metodológicas, bibliográficas y documentales.
Solución de problemas	Las actividades dirigidas consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación o de rol, en trabajos de investigación, de reflexión o en casos prácticos, para cuya elaboración o resolución los alumnos contarán con las correspondientes orientaciones e instrucciones metodológicas, bibliográficas y documentales.
Estudo de casos	Las actividades dirigidas consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación o de rol, en trabajos de investigación, de reflexión o en casos prácticos, para cuya elaboración o resolución los alumnos contarán con las correspondientes orientaciones e instrucciones metodológicas, bibliográficas y documentales.
Análise de fontes documentais	Las actividades dirigidas consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación o de rol, en trabajos de investigación, de reflexión o en casos prácticos, para cuya elaboración o resolución los alumnos contarán con las correspondientes orientaciones e instrucciones metodológicas, bibliográficas y documentales.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Las actividades dirigidas consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación o de rol, en trabajos de investigación, de reflexión o en casos prácticos, para cuya elaboración o resolución los alumnos contarán con las correspondientes orientaciones e instrucciones metodológicas, bibliográficas y documentales.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais Solución de problemas Estudo de casos Análise de fontes documentais Eventos científicos e/ou divulgativos Proba oral Sesión maxistral	En la evaluación global también se tendrá en cuenta positivamente la asistencia y la activa participación del alumnado en las clases, en las tutorías y en las demás actividades que se desarrollen durante el curso, de tal modo que el profesor pueda llevar a cabo un seguimiento personalizado del estudiante.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Actividades iniciais	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	As actividades dirixidas representarán o 30% da nota final e consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación ou de rol, en traballos de investigación, de reflexión o en casos prácticos, para cuxa elaboración e resolución os estudantes contarán coas correspondentes orientacións e instrucións metodolóxicas, bibliográficas e documentais.	3
Solución de problemas	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	As actividades dirixidas representarán o 30% da nota final e consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación ou de rol, en traballos de investigación, de reflexión o en casos prácticos, para cuxa elaboración e resolución os estudantes contarán coas correspondentes orientacións e instrucións metodolóxicas, bibliográficas e documentais.	15
Estudo de casos	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	As actividades dirixidas representarán o 30% da nota final e consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación ou de rol, en traballos de investigación, de reflexión o en casos prácticos, para cuxa elaboración e resolución os estudantes contarán coas correspondentes orientacións e instrucións metodolóxicas, bibliográficas e documentais.	3



Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 B6 B9	As actividades dirixidas representarán o 30% da nota final e consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación ou de rol, en traballos de investigación, de reflexión o en casos prácticos, para cuxa elaboración e resolución os estudantes contarán coas correspondentes orientacións e instrucións metodolóxicas, bibliográficas e documentais.	3
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7	As actividades dirixidas representarán o 30% da nota final e consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación ou de rol, en traballos de investigación, de reflexión o en casos prácticos, para cuxa elaboración e resolución os estudantes contarán coas correspondentes orientacións e instrucións metodolóxicas, bibliográficas e documentais.	3
Proba oral	A1 A2 A3 A4 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 B6	<p>Exame final. Suporá o 70% da nota total, e se realizará ó final do cuatrimestre, sobre a base da docencia impartida durante o curso e co apoio da bibliografía e da documentación relativa ós contidos da guía docente.</p> <p>O exame será oral ou escrito (opcional) e consistirá en diversas preguntas baseadas en epígrafes do programa.</p> <p>O nivel mínimo esixido para a superación da proba é de 5 puntos sobre 10. En caso contrario, a materia non se considerará aprobada.</p>	70
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Docencia expositiva e orientativa sobre os contidos do programa.	3

## Observacións avaliación



A

avaliación da materia conta con dous modelos, que se complementarán con criterios adicionais, e que son os seguintes: Modelo A. É o sistema xeral de avaliación a que se someterán por defecto todos os estudantes matriculados. Modelo

B. É o sistema excepcional de avaliación, para aqueles estudantes que por causas xustificadas non poidan seguir o Modelo A.

En canto ao sistema de

avaliación en xeral, establécese un sistema de avaliación continua, que se articula ao redor dos seguintes

criterios principais: 1. Exame final, que suporá o 70% da nota final e realizarase ao final do cuadrimestre, sobre a base da docencia impartida durante o curso e co apoio da bibliografía e a documentación relativa aos contidos da guía docente. O exame desenvolverase, no caso dos alumnos do Grao en Dereito, de forma oral ou escrita (opcional) e, no caso dos alumnos do Dobre Grao Dereito-ADE, de forma oral; e consistirá en diversas preguntas baseadas en epígrafes do programa. O nivel mínimo esixido para a superación desta proba é de 3,5 puntos sobre un máximo de 7. En caso contrario, a materia non se considerará aprobada e a cualificación das actividades dirixidas non se engadirá á cualificación final da materia. 2. Actividades dirixidas, representarán o 30% da nota final e consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación ou de rol, en traballos de

investigación, de reflexión ou en casos prácticos, para cuxa elaboración ou resolución os alumnos contarán coas correspondentes orientacións e instrucións metodolóxicas, bibliográficas e documentais. Para a cualificación global da materia só puntuará unha das actividades prácticas, que será elixida de maneira aleatoria na clase de entre todas as realizadas, ademais do correspondente xuízo simulado (só para os alumnos do Grao en Dereito). O nivel mínimo esixido para a superación das actividades dirixidas é de 1,5 puntos sobre un máximo de

3 (1 punto do xuízo simulado e 0,5 de exercizos prácticos). En caso contrario, a materia non se considerará aprobada. En caso de plaxio dos traballos, ou de copia no examen, a materia se considerará automaticamente suspensa. Os alumnos poderán

beneficiarse das cualificacións obtidas nas actividades dirixidas durante as convocatorias ordinarias e/ou extraordinarias a que teñan dereito no curso académico correspondente. O alumnado que non poida seguir o Modelo A e, por tanto, non poida participar nas actividades complementarias previstas na programación da materia (que supoñen o 30% da cualificación global) deberán realizar un exame final oral sobre os contidos da materia. O nivel mínimo para a superación deste exame é de 6 puntos sobre 10. CRITERIOS ADICIONAIS DE AVALIACIÓN. Así mesmo, en ambos os sistemas, valoraranse positivamente para a nota final outras actividades que vaian organizando os profesores da materia ao longo do curso, como xornadas, seminarios, congresos ou actividades doutra natureza. Na avaliación global tamén se terá en conta positivamente a asistencia e a participación activa do alumnado nas clases, nas titorías e nas demais actividades que se desenvolvan durante o curso.

Fontes de información





<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- DIEZ DE VELASCO, M. (2013). Instituciones de Derecho Internacional Público, 18ª ed.. Madrid: Ed. Tecnos</li><li>- DIEZ DE VELASCO, M. (SOBRINO HEREDIA, J.M. coord.) (2010). Las Organizaciones internacionales. Madrid: Ed. Tecnos</li><li>- SOBRINO HEREDIA, J.M. (2016). Textos para el estudio del Derecho internacional público, Derecho de la Unión Europea y Derecho internacional de los espacios. Valencia: Ed. Tirant lo Blanch</li><li>- SOBRINO HEREDIA, J.M. (2016). Textos para el estudio del Derecho internacional público, Derecho de la Unión Europea y Derecho internacional de los espacios. Valencia: Ed. Tirant lo Blanch</li></ul> <p>&lt;br /&gt;</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- MARIÑO MENENDEZ, F. (2005). Derecho internacional público. Parte general, 4ª ed. revisada. Madrid: Ed. Trotta</li><li>- PASTOR RIDRUEJO, J.A. (2015). Curso de Derecho internacional público y Organizaciones internacionales, 19ª ed.. Madrid: Ed. Tecnos</li><li>- REMIRO BROTONS, A. Y OTROS (2014). Derecho internacional: curso general, 2ª ed.. Valencia: Ed. Tirant lo Blanch</li><li>- RODRIGUEZ CARRIÓN, A. (2009). Lecciones de Derecho internacional público, 6ª ed., 2ª reimpresión . Madrid: Ed. Tecnos</li><li>- SÁENZ DE SANTAMARÍA, P.A. (2014). Sistema de Derecho Internacional Público, 3ª ed.. Pamplona: Ed. Civitas-Thomson Reuters</li></ul> <p>&lt;br /&gt;</p>

#### Recomendacións

##### Materias que se recomenda ter cursado previamente

##### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

##### Materias que continúan o temario

Dereito da Unión Europea/612G01021

Traballo fin de Grao/612G01031

Dereito internacional dos espazos/612G01047

##### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías